



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



DECRETO DA ALCALDIA

ASUNTO: CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER CULTURAL ANO 2025

EXPEDIENTE: 2025/A002/000006

DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vistas as bases da convocatoria de axudas aprobadas en XGL en data 03.07.2025, vistas a bases da convocatoria destas axudas, publicada no Bop de data 09.07.2025 e visto que o anuncio do extracto da convocatoria que se publica no BOP de data 15.07.2025, que abre o prazo de 20 hábiles para a presentación de solicitudes.

Considerando as solicitudes e a documentación presentadas polas entidades interesadas.

Visto informe técnico de data 19/11/2025, onde constata que as 17 entidades que presentaron solicitude cumpren cos requisitos, condicións e compromisos esixidos na convocatoria dentro do prazo fixado e do obxecto perseguido nas bases da convocatoria da subvención.

Visto informe de intervención de data 20/11/2025 relativo a situación tributaria e coa seguridade social, así como dos datos obrantes na Tesourería municipal das 17 entidades presentadas.

Considerando que os incumprimentos indicados no anterior informe, foron emendados salvo o referente a asociación cultural Escola e Banda de Arzúa.

Vista a acta asinada pola Comisión técnica Avaliadora con data 30/12/2025.

Visto o informe de fiscalización favorable a concesión emitido pola Intervención do Concello en data 30.12.2025. Coa excepción da concesión á asociación cultural Escola e Banda de Arzúa sobre a que se emite reparo, por non ter acreditado acharse ao corrente das súas obrigas coa AEAT.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas polo funcionario, coa concesión condicionada proposta pola Comisión avaliadora, trátase de non prexudicar o interese asociación afectada dándolle a posibilidade de presentar o certificado pertinente, sen prexudicar con elo interese xeral.

**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



É polo tanto esta Alcaldía considera oportuno levantar o reparo formulado polo interventor municipal e continuar co procedemento de concesión.

Tendo en conta a data da sinatura e sendo preciso conceder as subvención antes de que remate o presente exercicio procede a avocación da competencia delegada por esta Alcaldía no Xunta de Goberno Local mediante Decreto 498/2023 de 13 de xullo, polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na XGL.

Por todo o que antecede e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nas Bases de Execución do Orzamento 2025, no Decreto 498/2023 de 13 de xullo de 2023 e no artigo 10 da lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía número 498/2023 de 13 de xullo.

SEGUNDO.- Conceder as subvencións para actividades de carácter cultural ano 2025 co seguinte detalle:

ENTIDADE PETICIONARIA	NIF	IMPORTE CONCEDIDO
MOVEMENTO XUVENIL DON BALTASAR	G70100045	832,92 €
RONDALLA MORAIMA	G70125943	1.097, 94 €
O BRINGUELO	G70330436	1.741,56 €
ASOC CULTURAL FOL ADONAIRADIÑO	G75880971	1.362,96 €
ASOCIACION CULTURAL SANTA MARIA DE DODRO	G15558265	1.135,80 €
ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL CEPA NOVA	G15377417	719,34 €
CRUZ VERMELLA	Q286601G	1.476,54 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PILON DE VILADAVIL	G15522659	492,18 €
ASOC PROTECTORA DE ANIMAIS DO CAMIÑO	G70459045	757,20 €
ASOCIACION CULTURAL PIKNITAS	G70515218	1.476,54 €
ASOCIACION DE VECIÑOS PORTO BUXAN DE RENDAL	G15913254	870,78 €
ASOCIACION CULTURAL ESCOLA E BANDA DE ARZUA	G15361843	832,92 €

ASOC PARA A RECUPERACION, DEFENSA, PRODUCCION E PROMOCION DA GALIÑA PIÑEIRA	G70145586	870,78 €
ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL A SOLAINA	G15959943	605,76 €
ASOCIACION DE VECIÑOS O MARTELO	G15455777	605,76 €
ASOCIACION O CANDIL	G15408933	984,36 €
ASOCIACION SOCIOCULTURAL SAN COSME DE OINS	G15929656	1.135,80 €
TOTAL:		16.999,14 €

TERCEIRO.- A concesión da subvención á asociación cultural Escola e Banda de Arzúa con NIF G15361843, queda condicionada a que presente o correspondente certificado de estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT.

CUARTO.- Dispoñer o gasto por importe de 16.999,14 euros con cargo ao previamente autorizado na aplicación orzamentaria 334.480.00.

QUINTO.- Ampliar o prazo de xustificación ata o 20 de xaneiro de 2026 ás 23:59 horas.

SEXTO.- Dar traslado desta resolución ao órgano xestor e aos servizos económicos aos efectos oportunos.

SÉTIMO. - Publicar a concesión no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

OITAVO. - Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

En Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde – Presidente

Dou fe, o Secretario

Asdo.- XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS Asdo.- ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ